

O xilgaro de Sebil

-A Xoán Xesús González, *in memoriam*

Porque en marzo seica é primavera dende hai séculos
aquí estás, amigo das cerdeiras que son frores
neste tempo de duro conforto e compadranzas.

Velaí Xoán Xesús soergueito coma un buxo
en canto na buguina da gaita e palitroques
nas maus das tecedeiras do mar de Camariñas.

Porque abril e maio e seica xullo van contigo
na memoria de nós alzando o *Terzo de Calo*
para a liberdade mailo orgullo contra a ofensa..

Velaí o neno canteiro no outo do tellado,
en convencida a solaina dos paxaros mudos,
ergueito coma un mastro de nao na curota.

Porque o mar é grande e sempre espera terra boa
onde beber os ventos da historia que deixastes.
Velaí estamos, irmau, con vós en pé de páxina.

Xosé Vázquez Pintor
Quián, 3 de abril do 2009